

O Presidente FEIJOO, o Conselleiro de Sanidade, e o goberno do PP seguen a condenar ao persoal do SERGAS a ter unhas retribucións inferiores ao resto das/os traballadoras/es da Administración Pública Galega.

Presume o PRESIDENTE DA XUNTA de que as/os traballadoras/es da Xunta de GALIZA no ano 2017, e desde o mes de xaneiro, recuperaron parte do salario que eles veñen roubando desde o 2010.

O que non di Feijoo, e que nesta recuperación do salario seguen a castigar ao persoal do SERGAS.

O **Complemento específico**, coma o seu nome indica, ben a retribuír as especificidades do posto de traballo. Este complemento é inferior para o persoal do SERGAS que para o resto das/os traballadoras/es da Xunta de Galiza.

O artigo 43.2 do **Estatuto Marco** establece que o Complemento específico vai destinado a retribuír as condicións particulares do posto de traballo en atención a: dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade e penosidade.

Se o Estatuto Marco é a norma de aplicación ao persoal Estatutario do SERGAS, por qué a Xunta de Galiza e a Consellaría de Sanidade penalizan ao persoal Estatutario?

E por qué sucede isto? Por que así o decide FEIJOO desde os anos nos que se paseaba en barco pola Ría de Arousa con amizades perigosas...

Este agravio pretendeuse corrixir no ano 2008, co acordo asinado na mesa sectorial co goberno bipartito. **Acordo que se encargou Feijoo de paralizar no ano 2009** cando volveu á Xunta de Galiza. E desde esas négase a negociar a recuperación deste acordo.

Na extra do mes de xullo devolvéronnos o complemento específico roubado desde o ano 2012. No seguinte cadro podedes comprobar **o que nos rouban nas extras, que tamén no lo rouban mes a mes**, por ter suspendido o acordo salarial de 2008/12.

Específico Persoal Xunta de Galiza		Específico Persoal do SERGAS (Específico + Produtividade fixa)		Roubado ao persoal do SERGAS mes a mes, e nas pagas extras
Nivel 22	626.99 €	Grupo A2	392.70 €	234.29 €
Nivel 18	465.15 €	Grupo C1	273.81 €	191.34 €
Nivel 16	451.34 €	Grupo C2	278.84 €	172.50 €
Nivel 12	423.71 €	Grupo E	306.36 €	117.35 €



**Non consintas que te sigan a roubar o teu salario.
CIG-SAÚDE esixe que a recuperación do acordo salarial
2008/2012 se inicie no ano 2018.**